PANTALLAS]



Para unha historia do cinema en lingua galega

[2] A foresta e as árbores

Margarita Ledo Andión [Coord.]

Mª Soliña Barreiro González
Xosé Nogueira
Enrique Castelló Mayo
Fernando Redondo Neira
José Luis Castro de Paz
Antía López Gómez
Marta Pérez Pereiro
Iván Villarmea Álvarez

EDITORIAL GALAXIA

PANTALLAS]

Esta obra é froito do traballo investigador realizado ao abeiro do proxecto de I+D+ i 'EUVOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un Programa Europeo de Subtitulado en Linguas non Hexemónicas' (ref. CSO2016-76014-R), financiado por FEDER- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional | Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación, a través do Programa Estatal de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade, e distinguido en 2018 como actividade de investigación encadrada no Ano Europeo do Patrimonio Cultural.









O Grupo de Estudos Audiovisuais é un grupo de investigación adscrito ao Departamento de Ciencias da Comunicación da USC recoñecido dende 2017 pola Xunta de Galicia como Grupo de Investigación de Referencia Competitiva do Sistema Universitario Galego.







O capítulo «Filmar o velado» encádrase no proxecto de investigación 'PERFORMA. O teatro fóra do teatro. Performatividades contemporáneas na era dixital' (ref. FFI2015-63746-P), financiado por FEDER- Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional | Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades – Axencia Estatal de Investigación, a través do Programa Estatal de Fomento da Investigación Científica e Técnica de Excelencia.

© Dos textos: as autoras e os autores, 2019

© GRUPO DE ESTUDOS AUDIOVISUAIS (G.I.1786- USC)
Avenida de Castelao s/n
15782 Santiago de Compostela
www.estudosaudiovisuais.gal

© EDITORIAL GALAXIA, S. A., 2018
Avenida de Madrid, 44 baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

Agradecemos ás produtoras, distribuidoras e cineastas responsábeis dos filmes analizados neste volume o acceso ás pezas e a cesión dos fotogramas e imaxes que nel se citan.

ISBN: 978-84-9151-335-3
Depósito Legal: VG 254-2019

Ilustración da cuberta a partir dun fotograma do filme *Longa noite* (2019) de Eloy Enciso.

Maqueta da colección e deseño da cuberta: NUMAX
Impresión: Agencia Gráfica
Edición técnica: Claudia Neira

O papel utilizado neste exemplar é reciclábel, libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sostíbel dende o punto de vista do medio ambiente.

Índice

9 **Prefacio**
Margarita Ledo Andión

21 **Filmar o dó**
Dó de nós. Filmar a perda
M.ª Soliña Barreiro González

39 **Filmar o velado**
Xosé Nogueira

95 **Filmar o traballo**
Enrique Castelló Mayo

117 **Filmar a ollada**
Fernando Redondo Neira

139 **Filmar as pulsións**
Formas e montaxes do desexo. As pulsións
e os seus destinos no cine en galego actual
José Luis Castro de Paz

177 **Filmar a pantasma**
Antía López Gómez

197 **Filmar a tribo**
Filmar a tribo, filmar o íntimo
no cinema galego contemporáneo
Marta Pérez Pereiro

223 **Fóra de campo**
Traumas históricos
e persoais no cinema galego
Iván Villarmea Álvarez

283 **Anexo. Cineastas que**
se analizan neste volume

Prefacio

Margarita Ledo Andión

So o enunciado *A foresta e as árbores*, neste novo volume adentrámonos na análise dunha mostra representativa de filmes que, en presente, constrúen, balizan e normalizan un ámbito singular da cultura: producir películas na lingua propia de Galiza.

Outra volta a distinción dos capítulos vai cara a aspectos que pasan polo corpo, polos sentidos, polas marxes, e ten a ver coas propostas que os e as cineastas desenvolveron nas súas obras, obras de ficción por veces, documentais ou en pasaxe entre un e outro territorio as máis. Filmar o dó, filmar o velado, filmar o traballo, filmar a ollada, filmar a pantasma, filmar a tribo, filmar as pulsións canda o fóra de campo son as estacións que amplían esta viaxe que quereriamos longa e frutífera.

[...]

Sobordando tópicos, este é un libro no que as árbores deixan ver a foresta, a foresta prata, talvez de bidueiros. Este é un libro que nos pon nas mans un catálogo de filmes que revelan, para alén dos motivos, a posibilidade dunha cinematografía diversa: nas súas propostas estéticas, na proximidade ou no afastamento radical das regras que definen os chamados «xéneros», na concreción dun modo de pensar o cinema que, paso a paso, se sente parte dunha tradición que relatamos e puntuamos no volume 1, en *Marcas na paisaxe*. E que ecoa —saibámolo ou non— dende unha posición moi querida de nós, a daquela consideración de Laura Mulvey no sempre citado seu artigo «Visual Pleasure & Narrative Cinema» [Pracer visual e cine narrativo], a prol dunha nova linguaxe do desexo: deixar, sen rexeitalo, o pasado atrás.

Margarita Ledo Andión é catedrática de Comunicación Audiovisual da USC e coordinadora do Grupo de Estudos Audiovisuais, dirixe o proxecto de I+D+I «EUVOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas», que é continuación do que finalizou en 2015, «Cara ao espazo dixital europeo. O papel das pequenas cinematografías en versión orixinal». A súas liñas de pescuda traballan a produción e acceso a bens culturais dende a diversidade e as políticas de comunicación e as teorías feministas nos universos da creación e da expresión. O seu libro *Cine de fotógrafos* (2005), GG, Barcelona, foi Premio «Fundació Espais d'Art Contemporani». Cineasta e escritora, entre os seus filmes figuran *Santa Liberdade* (2004); *Liste, pronunciado Líster* (2007), para alén da ficción *A cicatriz branca* (2012). É Premio Nacional da Cultura Galega 2008 en Cine e Audiovisual, Premio Otero Pedrayo 2017 e membro da RAG.

Filmar o dó

Dó de nós. Filmar a perda

Mª Soliña Barreiro González revela neste capítulo o dó colectivo e íntimo pola perda do hábitat e dunha identidade ligada a espazos e formas de vivir que esmorecen. Un itinerario que se detén en catro filmes estreados nos anos 10 do século XXI a través dos que atopamos «os fíos dese dó de nós que nos paraliza» e que ao tempo poderían servir para «tecer con eles un novo espazo común». As agresións ao medio natural, as expropiacións para a construción de grandes infraestruturas —moitas veces inútiles—, a emigración, o abandono e o avellentamento rural, son os síntomas dun colapso territorial ignorado colectivamente até acordar «xa no dó da perda e na desorientación sobre quen seremos cando as silvas xa non deixen ver as aldeas». Mais nesta incapacidade para concibir o futuro sen mirar ao pasado, apunta a autora, o cinema contemporáneo galego «abre portas insospeitadas para pensalo».

> Unha aldea asolagada en balde en *Os días afogados* (César Souto Vilanova e Luís Avilés Baquero, 2015), un ecosistema social sepultado baixo a cidade en *Esquece Monelos* (Ángeles Huerta, 2016), a desaparición dunha das poucas pequenas que quedan no Courel en *Trinta lumes* (Diana Toucedo, 2018) e unha fronteira invisíbel detida no tempo en *Arraianos* (Eloy Enciso, 2012) serán os temas e os filmes que constrúen a constelación cultural do dó. Estas producións, fitadas en conxunto, revelan unhas «estruturas do sentimento» específicas que son froito da «reacción ao cambio» (Williams, 2017, p.59) que leva sufrindo o tecido social galego nos derradeiros cincuenta anos e que agroman con especial forza nos filmes dos anos 10 debido á desaparición das últimas xeracións que termaban do rural.

Mª Soliña Barreiro González é doutora en Comunicación Social cunha tese sobre a fractura da temporalidade no cinema de vangarda de entreguerras. Licenciada en Xornalismo e en Historia, actualmente é

profesora no Tecnocampus-Universitat Pompeu Fabra de Mataró. As súas áreas de investigación son o cine de vangarda, o documental, a representación da clase traballadora no cine e as cinematografías en linguas minoritarias. Actualmente participa no proxecto de investigación «EUVOS. Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas» (Universidade de Santiago de Compostela IP Margarita Ledo Andión e Enrique Castelló cso2016-76014-r). Coordina o grupo de investigación Narrativas da Resistencia (Tecnocampus-Universitat Pompeu Fabra).



Trinta lumes (Diana Toucedo, 2018)



Arraianos (Eloy Enciso, 2012)

Filmar o velado

Xosé Nogueira fai un percorrido exhaustivo neste capítulo sobre os filmes que, dende o tránsito da década dos oitenta para os noventa do século pasado até a produción cinematográfica máis recente, buscan revisar, reconstruír e desvelar feitos até entón desaloxados pola «historia oficial» fabricada a partir do tráxico desenlace da Guerra Civil. Máis polo miúdo, a análise de Nogueira repara en catro filmes dos últimos dez anos que se constrúen «como descubertas do violentado e extirpado da nosa historia»: *Liste, pronunciado Líster* (Margarita Ledo, 2007), *A viaxe de Leslie* (Marcos Nine, 2014), *A batalla descoñecida* (Paula Cons, 2017) e *Longa noite* (Eloy Enciso, 2019). Nogueira detense en cada un deles coa arela de revelar non só a historicidade presente en cada obra, senón tamén as súas orixes, motivos e formas de expresión.

> Pechamos este texto reparando no que aínda constitúe, no momento de escribir estas liñas, un *work in progress*, o filme *Longa noite*, o novo traballo como director de Eloy Enciso Cachafeiro [...] O filme, ambientado na posguerra civil, xorde dunha perplexidade, a do propio Enciso no ano 2014, diante da actitude e mesmo da reacción electoral da nosa sociedade fronte á grande crise que estoura naquel momento; perplexidade que dá lugar a unha pescuda *[sobre o réxime do franquismo e a Transición]*
> [...]
> Até aquí, asistimos ao que o realizador denominou «un achegamento aos rostros, ás historias e ás paisaxes da posguerra civil en Galicia». E todo isto ponse en escena a través dun método moi sistemático: recorrendo a planos pechados (case sempre primeiros planos de busto centrados nos rostros, xunto con algúns planos medios e nalgunha ocasión —presentación dos esmoleiros— americanos) para filmar os personaxes, cuxos diálogos se desenvolven nun xogo de planos-contraplanos fronte a unha cámara estática, armados nunha montaxe de carácter sintético.

Xosé Nogueira **é** doutor en Historia da Arte (Historia do Cinema) e profesor no Departamento de Historia da Arte da USC, dentro do Seminario de Historia do Cinema e Outras Artes Audiovisuais. As súas liñas preferentes de investigación atenden a catro grandes bloques: a historia do cinema galego e español; as conexións entre historia e cine; a natureza da imaxe audiovisual contemporánea; e as relacións entre o cinema e as demais artes. Foi profesor invitado nas Universidades de Oviedo, Bourgogne e Toulouse – Jean Jaurès. Colaborador en diversas publicacións especializadas no ámbito das artes e do audiovisual, é autor de *O cine en Galicia* (1997); coordinou as entregas monográficas da revista *Grial* «O audiovisual galego» (2002) e «Transmedia. Cara a unha nova forma de narrar» (2014); e foi coeditor dos libros *Xéneros cinematográficos? Aproximacións e reflexións* (2006) e *Me enveneno de cine. Amor y destrucción en la obra de Francisco Regueiro* (2014). Participou, polo demais, en numerosas obras colectivas relacionadas co cinema e as artes audiovisuais.



Liste, pronunciado Líster (Margarita Ledo, 2007)

Filmar o traballo

O traballo, «un dos tópicos co que, de modo interesado, se nos magnificou a galegas e galegos», apunta Margarita Ledo no prefacio de *A foresta e as árbores*, é o tema que aborda a análise de **Enrique Castelló Mayo**, arredor da cal se reúnen a curtametraxe *Matria* (Álvaro Gago, 2017) e os documentais *Doli, doli, doli... coas conserveiras. Rexistro de traballo* (Uqui Permuy, 2010), *Vikingland* (Xurxo Chirro, 2011) e *Os fillos da vide* (Ana Domínguez, 2017). Confróntanse neste capítulo diferentes abordaxes que van do cinema militante ao documental de recendo etnográfico, do traballo con «metraxe atopada» á construción dunha heroína popular de ficción que desmitifica a idea da Galiza matriarcal.

> Este capítulo articúlase como un percorrido narratolóxico, que arrinca coas imaxes cinéticas máis antigas de Galiza conservadas nos arquivos do CGAI e que remata en 2017 coa curtametraxe *Matria* de Álvaro Gago. Aínda que se trata dunha aproximación narratolóxica vocacionalmente inmanentista, a análise das tramas, os personaxes, as localizacións, os tempos e as accións das obras audiovisuais obxecto de análise reflicten, con toda a elocuencia do cinematográfico, os conflitos laborais xerados pola contorna socioeconómica na que se inscriben.
>
> Unha análise que tampouco esquece o propio traballo da filmación implícito nos relatos verbo dese eido laboral que, acotío, constrúe ese bordwelliano espazo cinematográfico chamado "Galiza".

Enrique Castelló Mayo é doutor en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid e profesor titular de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Santiago de Compostela. Autor de varios traballos académicos sobre narratoloxía audiovisual e escenografía virtual avanzada, é investigador do Grupo de Estudos Audiovisuais (USC-GI: 1786) e IP do proxecto «EUVOS. Patrimonio

Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtitulado en linguas non hexemónicas» (MINECO, CSO2016-76014-R). Verbo da súa traxectoria profesional, cabe subliñar o seu paso pola Agencia EFE, Antena 3 TV ou o Programa de Nuevas Tecnologías de la Información y la Comunicación, do Ministerio de Educación e Cultura.



Matria (Álvaro Gago, 2017)



Doli, doli, doli... coas conserveiras. Rexistro de traballo (Uqui Permuy, 2010)

Filmar a ollada

Fernando Redondo Neira pescuda, pola súa banda, na arela de certos títulos do cine galego contemporáneo por facer patente a mirada coa que constrúen os seus discursos. «Así acontece na simplicidade aparente dos filmes paisaxistas, nos retratos que indagan nos rostros e os corpos (e nos interpelan como espectadores) e naqueloutros que optan por un complexo xogo de espellos onde a preficción devolve unha imaxe documental», explica o autor. A modo de exemplos, tres películas moi diferentes entre si que comparten esa chamada de atención sobre o acto de ollar, construír a partir do ollado e mesmo mostrar o propio acto de ollar: *Paisaxes da Capelada* (Alberto Lobelle, 2017); *Adolescentes* (Ángel Santos, 2011) e *Encallados* (Alfonso Zarauza, 2012). Unha chamada de atención que reclama tamén a implicación do espectador e o seu recoñecemento como tal, cunha actitude que vai do contemplativo ao reflexivo.

> Todo canto se amosa en *Encallados* se mira nun espello que o devolve transformado en algo que, sendo o mesmo, aparece distinto, que sendo ficción vénnos de volta como documental. Así ocorre cos personaxes e co relato que se vai tecendo: dous guionistas e un director de cine traballan nun encargo de guión para unha película sobre a catástrofe do Prestige. Acoden a modelos posíbeis de referencia, argallan diferentes liñas de actuación, deciden seguir unha delas que non acaba de callar e rematan por decidirse por un relato que vén sendo o propio relato desta busca. Xirando sobre si mesma, esta historia acaba por ingresar nunha estrutura en abismo no que o xogo de espellos semella reproducirse ata o infinito, coma unha estrutura que se move en círculo ao converter o principio en final e o final en principio. Que caste de filme é este?, que proposta traslada ao espectador?, que nos comunica sobre o labor creativo e sobre a idea de fracaso que emerxe aló ao fondo?

Fernando Redondo Neira é doutor pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Autor do libro *Carlos Velo. Itinerarios do documental nos anos trinta* e coordinador/editor do volume *Cidadanía e documental*. Premio María Luz Morales de Ensaios Cinematográficos, Premio Manuel Reimóndez Portela de Xornalismo e Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2018 pola obra *Os amorodos de Bergman*. Membro da Asociación Española de Historiadores do Cine (AEHC) e da Asociación Galega de Investigadores e Investigadoras da Comunicación (AGACOM).



Encallados (Alfonso Zarauza, 2012)



Paisaxes da Capelada (Alberto Lobelle, 2017)

Filmar as pulsións

Formas e montaxes do desexo.
As pulsións e os seus destinos no cine en galego actual

A pulsión, «o enigma no que agochamos o monstro en nós», define Margarita Ledo no prefacio de *A foresta e as árbores*, artella a análise de **José Luis Castro de Paz** verbo das formas e montaxes cos que o cinema galego máis recente buscou representar «os tristes avatares do desexo». Partindo da teoría psicanalítica e desenvolvendo un estudo detallado de tres películas totalmente diversas e incluso opostas entre si «pero sen dúbida, dalgún xeito e como veremos, conectadas», Castro de Paz debulla os personaxes, as relacións, os tempos e os recursos simbólicos e narrativos cos que o cine galego aborda a perda do obxecto de desexo —*O ouro do tempo* (Xabier Bermúdez, 2013)—, a violencia latente e a tensión que crea o silencio nas illadas comunidades do rural —*Trote* (Xacio Baño, 2018)— ou os perversos circuítos da pulsión escópica e as súas tecnolóxicas derivas na sociedade contemporánea —*Dhogs* (Andrés Goteira, 2017)—.

> Realizados por homes e gravados en formatos dixitais, a muller vaise atopar sempre no núcleo pulsional dos filmes ora como obxecto de amor perdido (a falecida Amalia en *O ouro do tempo*, tamén nai *secundariamente*; a nai morta en accidente de *Trote*, esposa tamén en textual segundo termo), ora como obxecto dunha prefabricada escopofilia masculina que pode optar por sometela, golpeala, violala, matala (ou liberala) «virtualmente» *(Dhogs)*, pero tamén como eixe central dun decidido discurso visual verbo da dor e da anguria pulsionais ás que esta se ve sometida polas imposicións dunha colectividade rural galega anquilosada e ancestralmente machista *(Trote)*, ou incluso no seu papel de positiva aldrabada catalizadora para unha íntima, lúcida e derradeira aceptación masculina dos límites corporais e temporais do desexo (Corona [Nerea Barros] en *O ouro do tempo*).

José Luis Castro de Paz é licenciado en Historia da Arte, doutor en Historia do Cinema e catedrático de Comunicación Audiovisual da Universidade de Santiago de Compostela. Presidente da Fundación

Wenceslao Fernández Flórez. Entre os seus numerosos libros destacan títulos como *El surgimiento del telefilm* (1999), *Alfred Hitchcock* (2000), *Un cinema herido. Los turbios años cuarenta en el cine español (1939-1950)* (2002), *Fernando Fernán-Gómez* (2010), *Del sainete al esperpento. Relecturas sobre cine español de los años 50* (2011), *Sombras desoladas* (2012) ou *Cine y exilio. Forma(s) de la ausencia* (2017). En 1996 dirixiu unha *Historia do cine en Galicia,* e en 2005, con Julio Pérez Perucha e Santos Zunzunegui, o volume colectivo *La nueva memoria. Historia(s) del cine español (1939-2000).* Comisariou ciclos e exposicións para o Concello da Coruña, a Filmoteca Española, a Generalitat Valenciana ou o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.



Dhogs (Andrés Goteira, 2017)



O ouro do tempo (Xabier Bermúdez, 2013)

Filmar a pantasma

A teoría da psicanálise serve tamén de fío á abordaxe coa que **Antía López Gómez** se achega a tres filmes case coetáneos entre si: *Arima* (Jaione Camborda, 2019), *A nena azul* (Sandra Sánchez, 2018) e *A estación violenta* (Anxos Fazáns, 2017). O capítulo centra a súa análise en *Arima*, filme que expón de maneira paradigmática a temática freudiana da pantasma, esa obsesión recorrente que colle forma nas aparicións e que agocha un feito traumático: «a desaparición dun neno, a volatilización dun pai». López Gómez remata a súa análise anotando as semellanzas formais e argumentais de *Arima* cos outros dous filmes, tamén asinados por mulleres, nos que a contorna paisaxística galega —o bosque en *Arima*, o mar en *A nena azul*— representa «unha magnífica metáfora da *foresta* inconsciente».

> Para rematar, pois, unha última reflexión sobre esta escolla de tres filmes, un deles analizado máis en profundidade, os outros dous citados a modo de copresenzas que veñen a confirmar unha tímida tendencia no cine galego ao afondamento explícito nas estruturas do psiquismo, o cal puidera apuntar á emerxencia dun cinema de corte íntimo, como diciamos anteriormente, subxectivo, no que o contexto, máis que social, territorial, paisaxístico, vén a constituír unha sutil e explícita prolongación desa psique inexpugnábel.

Antía López Gómez é licenciada e doutora en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid. Profesora titular na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Membro do Grupo de Estudos Audiovisuais. Autora, entre outros, dos seguintes artigos: «La escritura del deseo en la publicidad televisiva», publicado na revista *Escritura e Imagen* (Universidad Complutense de Madrid); «De los Lumière a Erice: la recuperación de un modelo en el páramo español», publicado na revista *Transitions:*

Journal of Franco-Iberian Studies (University of Colorado); «La imagen de la historia. Arqueología de 300», en *Textes & Contextes* (Université de Bourgogne).



Arima (Jaione Camborda, 2019)



A nena azul (Sandra Sánchez, 2018)



A estación violenta (Anxos Fazáns, 2017)

Filmar a tribo

Filmar a tribo, filmar o íntimo no cinema galego contemporáneo

Neste capítulo **Marta Pérez Pereiro** lévanos a explorar filmes que conforman retratos da tribo, «ben sexa dende o foco da historia persoal ou dende un grande angular que capture a vida de personaxes que poden dalgún xeito representar a unha colectividade maior».

Baixo a epígrafe «Ficcións necesarias», termo desenvolvido por Michelle Citron para se referir aos filmes domésticos, encadra Pérez Pereiro títulos como *Bs. As.* (Alberte Pagán, 2006), *Vikingland* (Xurxo Chirro, 2011), *Verengo* (Víctor Hugo Seoane, 2015), *Eco* (Xacio Baño, 2015) ou *Ser e voltar* (Xacio Baño, 2014), que «recuperan pegadas do familiar ou presentan aos propios parentes en imaxes e, por presenza ou ausencia, amosan ese fogar latente, desexado e ao tempo observado dende a distancia que crea estar por detrás da cámara». Doutra volta, estas «ficcións necesarias» constrúense arredor do diálogo entre mulleres, entre fillas e nais, que con grandes diferenzas formais e argumentais aparece nas curtametraxes *Cando mamá pechou as caixas* (Arancha Brandón, 2018) e en *Tódalas mulleres que coñezo* (Xiana do Teixeiro, 2018). Sobre esta última, Pérez Pereiro destaca como a conversa e a superposición de voces entre mulleres de diferentes xeracións constrúe un texto «didáctico e artístico a partes iguais» que aborda unha cuestión «tan espiñenta como a do medo que sentimos as mulleres pola rúa, en grupo ou soas, a calquera hora do día» e revela a «posibilidade de construírmos novas comunidades, tribos de elección, como a que compoñen todas as mulleres que participan do debate coa autora».

En «A vida dos outros» Pérez Pereiro reúne pezas nas que os autores e autoras mostran en imaxes familias, colectivos ou comunidades que non son a propia e singulariza «polo coidado á comunidade de per-

tenza» as curtas producidas ao abeiro do Chanfaina Lab, proposta de creación audiovisual colectiva desenvolvida dentro do proxecto Fálame de San Sadurniño.

> As ideas do comunitario, do familiar e, sobre todo, da memoria colectiva aparecen en varias destas pezas breves, nas que a muller e a súa experiencia teñen un especial protagonismo. Este é o caso de títulos como *Cruz Piñón* (Xisela Franco, 2015), *Homes* (Diana Toucedo, 2016), *Pois iso, que te quero* (Beatriz del Monte, 2017) e *Nós mesmas* (Ana Pontón, 2018).

Mención especial merece para a autora a proposta de *Teño unha horta en San Sadurniño*, na que un grupo de mulleres se converte «en produtoras de imaxes arredor do traballo nas súas hortas».

> O caso singular deste proxecto presenta o camiño inverso á produción fílmica que vimos ata agora, feita por profesionais: en lugar de recrear unha comunidade xa existente, *Teño unha horta* xera unha nova tribo dende o propio proceso de creación de imaxes.

Marta Pérez Pereiro é profesora da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Doutora pola USC e membro do Grupo de investigación Estudos Audiovisuais, investiga sobre distintos asuntos da cultura mediática, entre os que destaca a súa pesquisa sobre humor audiovisual, e sobre o cinema de pequenas nacións, nomeadamente o cinema galego máis recente.



Tódalas mulleres que coñezo (Xiana do Teixeiro, 2018)

Fóra de campo

Traumas históricos e persoais no cinema galego

Iván Villarmea Álvarez pecha *A foresta e as árbores* analizando o funcionamento e o significado do fóra de campo en varios filmes galegos deste século, como *1977* (Peque Varela, 2007), *Fóra* (Pablo Cayuela & Xan Gómez Viñas, 2012), *Encallados* (Alfonso Zarauza, 2012), *Jet Lag* (Eloy Domínguez Serén, 2014), *Os días afogados* (Luís Avilés & César Souto, 2015), *Esquece Monelos* (Ángeles Huerta, 2016), *Trinta lumes* (Diana Toucedo, 2018) ou *Trote* (Xacio Baño, 2018), entre outros.

> Nestes traballos, o fóra de campo vén sendo, ante todo, un recurso de posta en escena que axuda a definir o espazo do relato, complementando as imaxes e ampliando o seu alcance, mais tamén é unha figura retórica que remite a acontecementos traumáticos do pasado histórico e da memoria persoal que non se poden ou non se queren representar, ás veces por non existir rexistros visuais directos destes acontecementos, mais sobre todo por non saber aínda como procesalos, quer nas imaxes, quer na memoria.

Alén estas variábeis, a inclinación cara ao non dito e o non visto en moitas das propostas cinematográficas que abrollaron nos últimos doce anos na Galiza reflicte, segundo o autor, «as limitacións materiais coas que aínda se traballa no país, mais tamén expresa un claro desexo de ampliar o campo do visíbel en todas as direccións, para poder abranguer todos aqueles espazos e tempos que, polas súas características, non collen dentro do cadro». Unha lectura que «encaixa coa vocación cosmopolita do Novo Cinema Galego, que aspira a suturar a ruptura entre a terra e o mundo dándolles ás historias locais unha dimensión global».

Iván Villarmea Álvarez é doutor en Historia da Arte pola Universidad de Zaragoza e traballa actualmente como investigador posdoutoral na Universidade de Santiago de Compostela. Autor do libro *Documenting Cityscapes. Urban Change in Contemporary Non-Fiction Film* (2015) e coeditor dos volumes colectivos *Jugar con la Memoria. El Cine Portugués en el Siglo XXI* (2014) e *New Approaches to Cinematic Space* (2019). Socio fundador do Cineclube de Compostela e colaborador habitual da revista *A Cuarta Parede*, que codirixiu entre os anos 2013 e 2017.



Fóra (Pablo Cayuela & Xan Gómez Viñas, 2012)



Trote (Xacio Baño, 2018)